

COCIÑANDO CONTOS

**MENÚ
PARA MENAS E MENOS
DE 2 A 12 ANOS**

**SOPA DE LETRAS RIMADAS
PALABRAS INFLADAS
AO FORNO
DOCE DE PALABRAS**



SOPA DE LETRAS RIMADAS:

Nun caldiño de papel,
pon as letras a ferver,
observa como se unen
para rimas compoñer.



Palabras cas que rimar:

SOPA	SOPRAR	FORMIGA
MENÚ	FROITA	PATÍN
BISCOITO	PITIÑO	GATO

PALABRAS INFLADAS AO FORNO:

Escorre as palabras rimadas.

Méteas no forno por parellas e déixaas
levedar á quentura para compor un
poemiña con elas.

Envía as túas elaboracións a:
contosencueiros@gmail.com

DOCE DE PALABRAS

FAI GALLETAS COAS LETRAS DO NOME DO TEU DOCE
FAVORITO SEGUINDO AS INSTRUCIÓN.

INGREDIENTES

50 g de azucre glas
50 g de manteiga
150 g de farifa
1 xema de ovo
1 culleriña de esencia de vainilla (opcional)
1 culler de leite
Un chisco de sal

ELABORACIÓN:

1. Acende o forno a 160 . Bota a farifa, o azucre, a esencia de vainilla e o sal nunha ensaladeira e fai un burato no centro.
2. Corta a manteiga en anaquiños e méteos no burato coa xema de ovo. Mestura con suavidade cos dedos ata que a masa estea homoxénea.
3. Estende a masa (que non quede demasiado fina). Corta 12 tiras de 12 cm de lonxitude e 3 cm de ancho, logo 12 tiras de 6 cm de lonxitude e 3 cm de ancho.
4. Utiliza as tiras para darlle forma a cada unha das letras que precisas para compor o nome do teu doce preferido.